



CAMPO DE VOLUNTARIADO: "DO AUDIOVISUAL GALEGO" (CELANOVA-OURENSE)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
23/07 - 03/08/2025	18-30	Internacional	Audiovisual e social	15



LOCALIZACIÓN

Este campo de voluntariado está situado en Celanova (Ourense), a 25 quilómetros da capital, moi próximo á fronteira de Ourense e Portugal.

O concello de Celanova conta cun importante patrimonio histórico que ten a singularidade de ser un reflexo do tempo e un magnífico exemplo da evolución histórica de Galicia. Desde o xacemento arqueolóxico de Castromao, referente da cultura castrexa e da romanización, ata a Casa dos Poetas, que lle serve de alicerce á memoria de dous dos principais escritores da literatura galega contemporánea como son Curros Enríquez e Celso Emilio Figueira, nados ambos os dous en Celanova.

Moi próximo a Celanova está o Parque Natural do Xurés, así como o Parque Nacional Portugués de Peneda-Gerês, dous espazos de gran valor natural e de gran beleza xeográfica declarados actualmente reserva da biosfera.

DESCRIPCIÓN DO CAMPO

Para todas as persoas que queiran vivir "un verán de cine," este é o campo de voluntariado máis axeitado para achegarse a ese soño. A experiencia de formar un equipo artístico e creativo, desde a relación que se establece entre todas as persoas participantes, fomenta un coñecemento que vén da man da solidariedade, cooperación e respecto neste achegamento á gramática e narrativa audiovisual. As actividades previstas son as seguintes:

- Rodaxe rápida (3 días) dunha curtametraxe sobre a Casa dos Poetas de Celanova.
- Concurso de curtametraxes individuais ou grupais (4 días) coa titorización e seguimento dos profesionais do audiovisual, que guiarán as persoas participantes por todo o proceso, poñendo

en práctica o aprendido nos tres primeiros días e confeccionando distintas pezas ao seu gusto.

- Confección dunha curtametraxe sobre a experiencia do campo de voluntariado (2 días) a modo de *making off*, amosando a experiencia vivida arredor do cine durante a última semana.
- Festival Celanova en curtas (1 día), coa proxección das curtas resultantes no Auditorio Municipal de Celanova ante os veciños e veciñas da vila, para amosar as distintas producións resultantes.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Obradoiros e actividades de lecer: baile e música tradicional galega con instrumentos cotidiáfonos
- Obradoiros: de xogos cantados ou bailes xogados, de risoterapia...
- Habitación de escapismo na Casa dos Poetas
- Excursións: o Parque Natural do Xurés; a Vilanova dos Infantes e a súa torre do homenaxe, así como o Museo dos Zapateiros
- Concerto de Órgano no Mosteiro de San Rosendo
- Praia Fluvial do Río Orille
- Pozas de Olelas e baño nas termas
- Xacemento arqueolóxico de Castromao e plató da película Galaicus



- Foliada

ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

Albergue xuvenil de Celanova (Estrada Celanova-Vilanova, 26).

INCORPORACIÓN, PUNTO DE ENCONTRO

O primeiro día a partir das 16:00 h no albergue xuvenil de Celanova.

O campo remata o último día despois do almorzo.

COMO CHEGAR

Desde Santiago de Compostela (a 130 km de Celanova) podes viaxar en autobús coa compañía Monbus (monbus.es) ou Alsa (alsa.es) ata Ourense ou en tren ata Ourense (renfe.es).

Desde Vigo (a 90 km de Celanova) pódello facer en autobús coa empresa Monbus (monbus.es) ou con Alsa (alsa.es) ata Ourense. Tamén tes a posibilidade de viaxar en tren a Ourense (renfe.es).

Desde Lugo (a 130 km de Celanova) podes viaxar ata Ourense en bus (monbus.es) ou en tren.

Desde Ourense a Celanova debes tomar un autobús da compañía www.anpian.com.

COTA

CENTO DEZ (110 €) euros. As persoas posuidoras do Carné xove, título de familia numerosa, familia acollidora ou familia monoparental: OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (82,50 €).

Que inclúe?: Inclúe os gastos de manutención, aloxamento e os derivados das actividades propias e de lecer ademais dun seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

Non inclúe: Os gastos ocasionados polo traslado (ida e volta) ata o lugar da actividade que correrán a cargo da persoa voluntaria.

DEVOLUCIÓN DA COTA

Circunstancias que dan dereito á devolución da cota:

a) Anulación da actividade ou non prestación do servizo por causas non imputables á persoa interesada.

b) Ingreso hospitalario ou causa médica grave que afecte á persoa interesada e lle impida incorporarse ao campo. Deberá acreditarse con informes médicos e/ou do hospital no que estea ingresada.

c) Falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar, ou co certificado de defunción, de ser o caso.

d) Abandono da actividade por calquera dos motivos recollidos na letra b), sempre e cando non transcorrese máis do 50 % dos días de duración do campo.

QUE TRAER

- Útiles de aseo
- Rroupa: de abrigo, de chuvia, de deporte e de baño (traxe de baño, toalla e chancletas)...
- Protección solar e unha gorra



DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todas as persoas participantes dispoñen dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

CONTACTO

Dirección Xeral de Xuventude:
camposdevoluntariado.xuventude@xunta.gal

Servizo de Xuventude de Ourense: camposourense.xuventude@xunta.gal

INFORMACIÓN ADICIONAL

xuventude.xunta.es Portal da Dirección Xeral de Xuventude da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos, ocio e tempo libre, actividades, formación...

@xuventudegalicia Redes sociais da Dirección Xeral de Xuventude.

